

ENFIANDO

PASALO BEN NON QUERE DICIR SER PARVOS

Texto Francisco Xosé

Fernández Naval

Escritor

Foto J. Meis



Hai poucos días, na biblioteca Rialeda de Santa Cristina en Oleiros, asistín ó encontro de Xavier Alcalá cun grupo de lectores, maiormente lectoras, congregados arredor da novela “A nosa cinza”. Xavier falou da novela, de si mesmo e das súas emocións, da aprendizaxe do inglés, de música e sobre todo de Ferrol, paraíso ou patria, das rúas dos xogos, das aventuras no territorio da Gándara. Escoitándoo, e polas coincidencias, lembrei a Francisco Porrúa e a súa memoria de neno ferrolán.

Coñecín no encontro a Marcelino Fernández Mallo, autor do libro “Cabilia”, publicado pola editorial Primera persona; colección de relatos ricos de linguaxe e de paixón. A destacar a forza dos dous primeiros: “A conserxe” e “A Contragolpe”.

Arredor dun viño ou dunha cervexa, segundo os gustos, organizamos tertulia xunto cos responsables da biblioteca e da editorial e Xavier citou a Carlos Casares, lembrando aquilo de que coa literatura non se vive, pero pásase ben. Pasámolo ben falando un pouco de todo, expresando a certeza de que a recuperación da memoria histórica é o único xeito de superar as feridas da guerra civil e das súas consecuencias que aínda sangan; comentamos tamén a situación do nacionalismo e da súa crise, que Xavier comparou coa retratada por el hai tantos anos na novela “Fábula”; na conversa ocupámonos tamén da lingua, das eleccións, dos aceites andaluces e de Granada.

Foi entón cando invoquei a Darío Cabanelas Rodríguez, historiador, franciscano, investigador, que foi profesor de árabe da universidade granadina e un dos responsables do Patronato da Alhambra e do Xeneralife, alá polo final dos anos oitenta. Natural de Trasalba, veciño e amigo de Otero Pedrayo,

era un deses galegos que tiveron que dar o mellor de si lonxe da terra.

Eu coñecía a Darío Cabanelas de ler os seus traballos nas revistas Historia 16 e Tempo de Historia, publicacións nas que era referencia permanente. Soliciteille unha entrevista en 1989, co obxecto de falar con el sobre a colonización da Alpuxarra, logo do decreto de expulsión dos mouriscos por parte de Felipe II. Naquel proceso de repoboación participaron vascos, aragoneses, asturianos, cántabros e galegos, estes nun número aproximado de 70.000. Afirmaba Darío que os nomes Pampaneira, Capileira, Ferreira, que aínda hoxe figuran na toponimia da zona, nada tiñan que ver con ese proceso colonizador, que os topónimos, con esa fonética, xa figuraban nos mapas do reino de Grana-

“Se cadra, fálтанos capacidade para situar a cada quen no seu sitio, rexeitar a cobiza de poder”

da, anteriores á conquista de Isabel e Fernando. Contoume tamén que os galegos non afincaron alí, xa que lles foron concedidas terras difíciles, por riba dos mil metros, altura á que non se afixeron e que non conseguiron traballar con éxito, retornando case todos á terra e deixando pouca pegada do seu paso pola serra.

Pregunteille eu se pensaba regresar a Galicia. El contestou que mentres vivisen certos personaxes –académicos– non regresaría. Nin el nin as persoas ás que se refería viven xa para poder acreditar ou rexeitar estas palabras miñas que

flúen da memoria. Non procede por iso dar nomes. Pero si semella pertinente, se cadra só por reflexión, facer referencia ó pecado que el lles imputaba. Decía que había aquí investigadores e intelectuais que se apropiaban de documentos, públicos e privados, que pertencían á colectividade e ós que todos debíamos ter acceso, administrando así no seu proveito unha información que ninguén podía refutar nin discutir, xa que a única fonte estaba secuestrada. Iso era algo que el, investigador de prestixio e solidario, non podía aceptar e dende esa realidade que el criticaba con exemplos concretos, tiraba conclusións sobre o país, se cadra inxustas por xenéricas, pero necesarias. Quizais non melloramos niso. Se cadra, fálтанos capacidade para situar a cada quen no seu sitio, impedir que nos deslumbren os brillos, rexeitando a ambición desmedida, a cobiza de poder, a apropiación do que é de todos, demostrando que non somos parvos. Afirmo Pepe Fernández Ferreiro, o meu amigo novelista, que levamos connosco un xene de cacique do que ninguén estamos libres e contra o que todos debemos estar alerta. Coméntase, mentres escribo este artigo, o adianto electoral. A terra quere po-bo, escribiu Barreiro Rivas, lembrando a Celso Emilio. ¿Seremos quen de advertir que o país demanda de nós que lle abramos as portas do futuro?

